DAVID
MÉNDEZ



CARPA MAGICUS

*Un espazo onde vivir unha **“experiencia”***


Ourense
é comercio
do NADAL
Ourense
é comercio
do NADAL
Ourense
é comercio
do NADAL

DAVID
MÉNDEZ

"MAGIA DE AQUÍ E DE ACOLÁ"

Espectáculo de maxia sorprendente



"Maxia de aquí e de acolá" pon en valor unha escenificación máxica, dinámica e versátil, onde a interactuación co público é fundamental, e a habilididade e o inxenio mestúranse coa música, convidando a mergullarse nun mundo onde a fantasía e a ilusión son os protagonistas.



Un espectáculo onde todo pode ocorrer e sorprender.

Público: Familiar.
Duración: 40 minutos

NECESIDADES TÉCNICAS

Escenario: Espectáculo adaptado ás dimensións da carpa.



Son:

Amplificación: 1000 vatios.
Micro de diadema.

Iluminación: Iluminación de apoio con luz xeral.

Persoal técnico: 2 persoas

Tempo de montaxe: 1 hora.
Horas de desmonte: 1 hora.

DAVID
MÉNDEZ

¿Busca sorprender?

Crear momentos inesquecibles e experiencias memorables.



Carpa Magicus é un espazo escénico móbil. É a intervención eventual e transitoria en diferentes espazos a través da maxia, coa intención de romper os límites establecidos por esta na actualidade, ben tanto nun límite xeográfico como espacial.



Unha **maxia itinerante** para dar a posibilidade a calquera persoa para gozar, entender e comprender a arte. Achegando a maxia a **novos espazos** e crear **novas canles** de expresión máis próximos ao público, volvendo aos seus principios básicos baixo a perspectiva inmediata e eficaz da proximidade. Unha iniciativa para dinamizar o desenvolvemento tanto de actividades artísticas como didácticas "a pé de rúa", promovendo a participación cidadá.



Experiencias en vivo, experiencias cara a cara. A sorpresa que causa esta forma, de achegar a maxia á rúa é proporcional ao recordo que deixan as "marcas" nos participantes e demostran creatividade e orixinalidade, algo moi importante á hora de diferenciarse doutras propostas tradicionais.

DAVID
MÉNDEZ

CARPA MAGICUS

Un espazo de entretenemento, trocos e sorpresas

Características

Descrición.- Carpa deseñada para ser posta en servizo en 20 minutos, e poder ser instalada en calquera superficie.

Material.- Lona recuberta de PVC branca de 620 gr./ m^2, ignífuga, hidrófuga e con tratamento contra raios ultravioleta.

Medidas exteriores: 10m x 12m x 4m.

Medidas interiores 8m x 10m x 3m

Superficie interior: 80 m^2 .

Medidas porta: 2,6m de alto x 3,2m de ancho.

Paredes e teito de 1m de ancho.

Dispón de arneses para a **ancoraxe e fixación** en todo o perímetro superior e inferior da carpa. O sistema de ancoraxe pode ser por medio de ventos con lastres ou picarañas.

Proxector con pantalla na cal se pode **proxectar un vídeo promocional** antes de cada actuación ou actividade.

Megafonía, para reproducir música ambiente, locución con música ou voz en off da festa ou actividade.

Aforo: 90 – 120 persoas por pase.







DAVID
MÉNDEZ

CARPA MAGICUS

Un espazo de entretenemento, trocos e sorpresas

Soporte Promocional

Estrutura móbil doada de instalar e transportar.

Personalización posible

As carpas se convertéronse nun soporte crave na estratexia de comunicación dos eventos e festas para transmitir a súa imaxe.

Os arneses superiores e inferiores permiten a personalización da carpa xa que poden ser empregados para a colocación de pancartas de lona fundida de 150cm x 400cm (Base x Altura) con ojales.

A impresión ofrece multitude de solucións de personalización para lanzar a comunicación da súa festa.

Proxector con pantalla na cal pódese **proxectar un vídeo promocional** antes de cada actuación ou actividade.

Megafonía, para poñer música ambiente ou locución con música ou voz en off da festa ou actividade.

Conseguir un importante impacto visual

Conseguir unha maior visibilidade do espírito da festa ou do evento a realizar, algo accesible actualmente, co que poder chamar a atención e curiosidade do público.







DAVID
MÉNDEZ

CARPA MAGICUS

Un espazo de entretenemento, trocos e sorpresas

A maxia é unha ferramenta que axuda a mellorar a comunicación e o desenvolvemento de accións promocionais utilizando como vehículo de comunicación a **ilusión** para transmitir ou facer chegar de maneira máis efectiva unha mensaxe, unha festa ou evento.

Transformamos a súa estratexia de promoción nunha **vivencia máxica**. A maxia, non só limítase a transmitir unha mensaxe ou promocionar unha festa, evento ou actividade senón que se converte nun excepcional reclamo para o visitante potencial, xerando expectación, captando a atención, sorprender, transmitir e finalmente ser protagonista dunha experiencia.

Experiencias en vivo, experiencias cara a cara. A sorpresa que causa esta forma, de levar a cultura a rúa é proporcional ao recordo que deixan as accións nos usuarios e demostran creatividade e orixinalidade, algo moi importante á hora de diferenciarse doutras configuracións clásicas.


Non dubide en poñerse en contacto connosco.

Cóntenos a súa idea.









www.davidmendez.net

Telf. 622 04 93 31

ilusionarte@gmail.com

DAVID MÉNDEZ